



PLAN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

INTRODUCCIÓN

Co fin de facilitar a consecución dos obxectivos que a Lei Orgánica de Educación e a Comunidade Autónoma de Galicia sinalan para as etapas de ensino obrigatorio, o C.E.I.P. de Arzúa elaborou o presente documento incluído no seu Proxecto Educativo de Centro como **plan de integración das tecnoloxías da información e da comunicación** que integra todas as actuacións do centro destinadas ao fomento do uso activo destas e á adquisición das competencias básicas.

O Plan TIC do C.E.I.P. de Arzúa está deseñado para desenvolver a medio prazo a partir da análise do contexto, unha vez articuladas todas as intervencións que se realizarán no Centro en relación coa aplicación das tecnoloxías da información e da comunicación ao traballo da aula, coa participación do profesorado das distintas áreas, materias e ciclos, de xeito que se convertan nunha peza crave na educación e formación das novas xeracións. A súa importancia social e o lugar preferente que ocupan xa na vida dos nenos e das nenas, fai que deban estar presentes nos centros educativos, de modo que aqueles adquiren os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización nos diferentes contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer. Trátase de que o alumnado, ao rematar a escolarización obrigatoria (neste caso a Educación Primaria), acade unha competencia dixital.

Ser competente na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento de traballo intelectual implica utilizalas na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento.

Para que isto se poida poñer en práctica con garantía de éxito e de coherencia, resulta necesaria a creación dun plan de traballo sobre a implantación do uso das tecnoloxías da información e da comunicación no centro e na aula que, unha vez aprobado, se incorpora á Programación Xeral Anual de Centro e a súa avaliación, á memoria do mesmo. Este proxecto é único atendendo ás características e ás posibilidades que se poden acadar tendo en conta a nosa situación xeográfica, o tipo de alumnado e aproveitando os coñecementos que xa posúe procurando ampliar progresivamente as súas capacidades de uso das TIC-, a formación do profesorado e as infraestruturas dispoñibles.

O seu deseño e posta en marcha son competencia de todo o equipo docente e estarán coordinados nun principio preferentemente pola persoa responsable das TIC no centro escolar, neste caso polo Director do Centro, Jesús Lojo Dávila.



PROPÓSITOS

O Plan TIC pretende garantir a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios. Con esta finalidade, empregaranse cun enfoque funcional as distintas tecnoloxías da comunicación e da información ao alcance do alumnado, para incidir en aspectos específicos destes soportes de cara a unha utilización eficaz, comprensiva e ética dos mesmos.

O profesorado de todas e cada unha das áreas e materias de todos os niveis educativos, incluírá nas súas programacións as actividades previstas no proxecto segundo a temporalización que neste se acorde.

CARACTERÍSTICAS XERAIS

O ESTUDO INICIAL tendo en conta as características de toda a comunidade, as iniciativas xa realizadas neste campo así como as expectativas e os intereses de cara ao futuro, sinala que o C.E.I.P. de Arzúa parte cunha boa disposición para o pleno desenvolvemento das TIC tanto pola súas experiencias recentes de participación en todas as modalidades posibles de formación (cursos, seminarios permanentes, grupos de traballo...), como polos seus traballos didácticos colaborativos aportados a comunidade educativa, editados tanto en soporte físico (cd-rom “Galiclic 1.0”) como na rede internet (“www.arzua.biz”), ou polas experiencias empregando as PDI (“pizarras dixitais interactivas”) nas súas aulas (<http://centros.edu.xunta.es/ceipdearzua/>).

Estas iniciativas pedagóxicas innovadoras consensuadas poderán incluír todas as áreas e/ou materias do currículo, tal como quedou de manifesto nas actividades interactivas deseñadas para as pantallas interactivas, polo que pretendense alcanzar os seguintes

OBXECTIVOS XERAIS a curto, medio e longo prazo:

1. Tratamento da diversidade, a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, así como as medidas para promover a utilización das TIC en igualdade de condicións rexeitando toda actuación discriminatoria.
2. Fomento dos valores democráticos e a potenciación do uso dos espazos comúns e compartidos do Centro como verdadeiros centros de recursos para a lectura, a información e a aprendizaxe: biblioteca escolar, aula informatizada, aula de medios audiovisuais, salón de actos, aula de usos múltiples,...
3. A utilización dos recursos TIC existentes no centro e a organización dos espazos en beneficio do plan.



Contará igualmente cun PLAN E AVALIACIÓN atendendo tanto as necesidades de formación do alumnado como do profesorado para a súa óptima execución. Delimitado, supervisado e revisado periódicamente tanto por axentes internos como externos que incidirán nas necesidades detectadas e proporán as modificacións pertinentes.

Tamén incluírá as MEDIDAS PARA DIFUNDIR O PROXECTO entre o alumnado, as familias e a comunidade, para fomentar a súa participación e o aproveitamento das TIC.

OBXECTIVOS MÍNIMOS:

- Conseguir que o alumnado acceda ás TIC en xeral, e ao mundo de Internet en particular, con capacidade de procura de información e de tratamento crítico da mesma.
- Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e doutras formas de vida.
- Potenciar actividades de participación de toda a comunidade educativa nas diferentes actividades do centro: páxina web, xornal escolar, actividades culturais, etc.
- Utilizar o ordenador e os EDI como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Utilizar programas e contornos que faciliten a aprendizaxe das diferentes áreas do currículo, así como favorecer a adquisición de habilidades e de destrezas.
- Empregar as TIC para o traballo cotián e para as actividades da aula: programacións, actividades, controis, fichas...
- Saber consultar e sacar información a través das TIC, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, actividades e participar en foros, chats... e diversas redes de colaboración na Internet.
- Procurar a inclusión de toda a comunidade educativa a través das TIC.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN CONTÍNUA

Realizarase unha avaliación continuada dos avances ou dificultades da posta en marcha do plan. Serán deseñadas unhas pautas para o seguimento e avaliación de xeito trimestral do plan de integración das tecnoloxías da información e da comunicación polos coordinadores de ciclo e polo coordinador do plan, que determinarán, cando corresponda, aspectos de mellora. Contemplase unha avaliación final coincidindo coa Memoria Anual do Centro no curso escolar.



PROGRAMACIÓN XERAL DAS TIC

Obxectivos:

1. Potenciar e colaborar na xeneralización do aproveitamento dos recursos informáticos tanto por parte do profesorado como polo noso alumnado e as súas familias, familiarizándoos con estes e desenvolvemento hábitos, destrezas e habilidades que lle axuden a interactuar coas novas tecnoloxías da información e da comunicación.
2. Espertar o interese polo uso de Internet e ofrecer pautas para acceder á información precisa e ampliar os coñecementos.
- 3.-Potenciar o emprego dos encerrados dixitais interactivos dispoñibles no centro.
4. Iniciar, nalgúns casos, xeneralizar e consolidar o cambio pedagóxico coa adaptación dos deseños curriculares e programacións didácticas aos novos ámbitos de aprendizaxe:
 - Busca, selección e presentación da información significativa.
 - Traballo cooperativo e colaborativo
 - Autoaprendizaxe e autorreforzo.
 - Ampliación de contidos
 - Atención á diversidade.
5. Posibilitar a toda a Comunidade Educativa o acceso e a incorporación ás Tecnoloxías, facilitando o uso e manexo das ferramentas máis comúns:
 - Difusión do uso dos ordenadores e programas básicos.
 - Disposición dun horario de uso da aula de informática.
 - Realización de actividades conxuntas dos distintos sectores usando as TIC (colaboracións na revista entre alumnado e pais e nais...)
6. Potenciar os procesos de formación continua do profesorado na utilización das TIC:
 - Difusión das experiencias que se realizan no Centro.
 - Difusión de experiencias, informacións e documentación.



7. Promover a calidade dos procesos coas novas tecnoloxías a través dunha *intranet* cun *repositorio* de contidos e servizos en rede para o profesorado e alumnado tanto de xeito individual como colectivo.

8. Prestar á Comunidade Educativa diversos servizos:

- Teletramitación de xestións administrativas
- Información xeral e específica do centro
- Notificacións e información académica a pais e nais
- Apoio e asistencia ao alumnado
- Acceso ás publicacións e actividades extraescolares do Centro.

Compromisos TIC:

1. A organización dos recursos humanos e materiais do Centro garantirá que todos os grupos, alumnos e alumnas do Centro se beneficien deste sen discriminación.
2. O Proxecto Curricular do Centro modificarase para explicitar nel as liñas de traballo contidas neste Proxecto. (Obxectivos, contidos, metodoloxía, avaliación e atención á diversidade)

Contidos:

Damos prioridade a aqueles que promovan aprendizaxes polivalentes, xeneralizables, funcionais e relevantes para o futuro e desenvolvan destrezas básicas como:

- Dominio da lingua propia e do castelán e inglés: ler, escribir e redactar correctamente, falar en público...
- Habilidades de busca e selección de información que precisen en cada momento para elaborar o coñecemento necesario
- A capacidade de análise e razoamento crítico.
- A capacidade de aplicar coñecementos para resolver problemas.
- A capacidade para argumentar as opinións.



- A capacidade de autoaprendizaxe.
- Desenvolvemento dunha personalidade curiosa, que goce aprendendo e que estea disposta para a formación permanente.
- O traballo en equipo.
- A comunicación e convivencia con outros.
- A conciencia de comunidade e participación, actitudes de respecto e tolerancia.
- Iniciativa.
- Motivación e perseveranza no traballo.

Metodoloxía didáctica:

- Crear un ámbito motivador entre o uso do ordenador, as experiencias, as relacións cos demais e cos mestres/ás que interveñen no proceso (ensino activo)
- A práctica docente coas novas tecnoloxías debe ir enfocada no sentido de que os alumnos/ás descubran e vexan a utilidade práctica que ten para a súa vida cotiá
- Farase unha avaliación inicial para ter en conta o que o alumno/a vai ser capaz de facer diante dun ordenador e comprobarase o nivel de cada un.
- Respectaranse os contidos de cada materia, o ordenador axudará a coñecelos e integralos.
- Utilizaranse as novas tecnoloxías para o desenvolvemento de capacidades e contidos tal como a sociedade require, e traballaranse deste modo:
 - a. Se presentará a información de forma atractiva e variada
 - b. Se organizarán os contidos de forma que sexan doados de comprender para os alumnos/ás e de xeito estruturado
 - c. Se utilizarán diversidade de recursos como por exemplo, situacións modelos, cadros, gráficos, resumos ou outros para orientar no labor de análise e síntese da información.



d. Se posibilitará a comunicación de docentes e alumnado entre comunidades interconectadas con Chat, listas de interese, e-mail...

Avaliación:

Realizaremos unha avaliación inicial que facilite:

1. Os coñecementos previos que posúe do tema que imos traballar.
2. A actitude cara ao proceso de aprendizaxe.
3. Os coñecementos no uso dos ordenadores, programas ou habilidades informáticas.
4. Realizaremos unha avaliación formativa continua que nos indique:

-Se vai logrando os obxectivos propostos nas distintas áreas do coñecemento. (Seguimento habitual)

- Se vai adquirindo as habilidades básicas marcadas no uso do recurso informático: uso dos elementos do ordenador, manexo de programas didácticos, navegación pola web, uso de ferramentas básicas informática (procesador de textos, programa para debuxar, programa para editar fotografías, uso do correo electrónico...), consulta de enciclopedias e buscadores...

- Se establece a correspondencia adecuada entre as aprendizaxes das distintas áreas e o uso dos recursos informáticos.

Avaliación final: Resultado de analizar todo o proceso de avaliacións continuas feitas.

ESPAZOS	RECURSOS DAS T.I.C. NO C.E.I.P DE ARZÚA		
	<i>Hardware</i>	<i>Software</i>	<i>Actividades</i>
Aula informatizada	12 PC,1-EDI,1-Imp	de autor	Clic,jclic,ardora,lim
Audiovisuais	1-EDI, 1-PC,1-HD	®	cd e dvd didácticos.
Infantil	5-PC, 1-EDI,	institucional	temáticas
Orientación,Pt,Al	3-PC, 2-Imp,	editorial	especializadas
Biblioteca	1-PC, 1-Imp,	Xunta (Meiga)	fomento da lectura
Sala de mestres.	1-PC, 1-Imp,	Comercial e libre	ofimáticas
Equipo directivo.	5-PC, 3-Imp,	Xadeweb e suites	Administrativas



Prioridades:

- 1.- Mantemento dos equipos e da rede actual cos recursos requeridos.
- 2.- Emprego habitual dos equipos e recursos na práctica docente.
- 3.- Dotar de computadores a todas as aulas e especialidades do centro.
- 4.- Extender a rede (cable e wifi) a totalidade do centro.
- 5.- Potenciar o emprego dos EDI e dos seus recursos na práctica diaria.
- 6.- Fomentar o desenvolvemento de actividades significativas e a innovación didáctica.
- 7.- Creación dunha intranet operativa.
- 8.- Crear un almacén de recursos accesibles.
- 9.- Fomentar a cooperación con outras entidades e institucións no ámbito educativo.
10. Creación dunha extranet.

Organización e Funcionamento:

1. Calendario e horarios (temporalización).
2. Posta en común dos criterios sobre o uso das aulas TIC.
3. Normas de funcionamento para as aulas Tic e dos recursos e do equipamento informático nas aulas e dos espazos compartidos.
 - 1º. Partes de incidencia
 - 2º. Partes de realización
4. Uso de materiais audiovisuais en soporte informático.
5. Normas sobre o uso dos demais recursos TIC do Centro
6. Xornada de presentación das novas (procedementos, hardware, software, recursos...)
7. Posta en común da formulación conxunta das normas de uso dos recursos e espazos polos alumnos/as: acendido dos equipos, teclados e ratos, monitores, cables, auriculares, ...
8. Xornada de información de técnicos e especialistas.
9. Revisión e análise da marcha do proxecto
10. Propostas para o próximo curso



PREVISIÓN DE MODIFICACIÓNS NO PROXECTO CURRICULAR DE CENTRO, NO PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO E NA PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN TIC.

1. Modificacións no Proxecto Curricular de Centro e Proxecto Educativo de Centro adecuandoos aos obxectivos marcados no desenvolvemento da Lei Orgánica de Educación.

O Proxecto Curricular de Centro é o documento que regula os contidos que o noso centro polo que se este plan é aprobado deberemos realizar as modificacións en todos os ciclos:

2º Ciclo de Educación Infantil.

- Aprendizaxe do uso do rato.
- Familiarizarse co computador
- Manexo de aplicacións e programas que lles permitan desenvolver habilidades, actitudes e coñecementos relacionados cos obxectivos curriculares.

Ciclos de Primaria.

a.- Obxectivos xerais.

Recoller neles as os coñecementos, as capacidades as destrezas, habilidades e actitudes novos que debidos ao uso da tecnoloxía deben adquirir para conseguir unha maior integración das TIC e unha mellor socialización e traballo cooperativo. De igual xeito reformar algúns deles en función do uso das Tics no mesmo. A modo indicativo:

Primeiro Ciclo de Primaria

- Coñecemento dos elementos básicos do computador: pantalla, teclado, rato e o seu uso.
- Coñecer algunhas funcións básicas e imprescindibles dos sistemas operativos: manexo de fiestras (minimizar, maximizar), abrir programas, apagar o computador, etc...
- Manexo de programas educativos relacionados cos obxectivos do currículo do Ciclo.
- Iniciar no manexo dun procesador de textos. Coñecer as funcións básicas que lle permitirán crear traballos: coñecer teclas básicas do teclado, escribir textos, gardar e recuperar arquivos, imprimir, incluír unha imaxe no texto, iniciarse na navegación en internet: seguir ligazóns dentro de páxinas adaptadas ao seu nivel:



Segundo Ciclo de Primaria

- Coñecer aspectos básicos dos sistemas operativos: traballar con máis dunha fiestra.
- Utilizar varios programas educativos relacionados cos obxectivos do currículo do Segundo Ciclo de Primaria.
- Coñecer o funcionamento básico dun programa de edición de imaxes creando figuras simples, editando estas figuras, cambiando o grosor, borrando, enchendo de cor, creación de imaxes máis complexas a partir destas figuras simples.
- Utilizar as funcións máis importantes dun procesador de textos que permitirán a creación de documentos: gardar/abrir, manexo do teclado para escribir textos e outros caracteres de uso corrente: puntos, interrogación, paréntese..., imprimir, incluír imaxes no texto, edición do texto: cambios en estilos, cortar e pegar texto e imaxes.
- Aprender a navegar pola web: moverse en internet seguindo ligazóns, usar un buscador para localizar información e fotos na web, visita e uso de páxinas educativas.
- Saber enviar e recibir correos electrónicos.
- Realizar chats.

Terceiro Ciclo de Primaria

- Coñecer os aspectos básicos dos sistemas operativos que dean ao alumno autonomía para utilizalos.
- Utilizar varios programas educativos relacionados cos obxectivos do currículo do Terceiro Ciclo de Primaria.
- Coñecer e usar todas as funcións importantes dun procesador de textos.
- Coñecemento e uso dunha Folla de Cálculo: Inserción de texto/número, uso de celas e fórmulas, operacións básicas na cela e entre celas, coñecemento dalgunhas funcións básicas.
- Usar un programa de edición de imaxes



Tratamento da diversidade, atención ao alumnado con NEE.

- Ordenadores na Aula de Pedagogía Terapéutica e A.L. O alumnado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe contará con ordenadores multimedia para poder usar os programas informáticos interactivos máis adecuados.
- Acceso aos EDI de informática e audiovisuais en coordinación cos demais usuarios (titorías, especialidades e grupos) dacordo cunha temporalización e calendario consensuados; e o EDI de infantil (dacordo e dentro dos apoios planificados do Plan de Orientación do Centro).
- Acceso ao software, programas e recursos específicos para as necesidades educativas específicas do alumnado.

PROPOSTAS INICIAIS

INFANTIL

Participar en Grupos de Formación.

Utilizar a aula de Informática e as EDI para reforzar contidos a través de xogos e programas educativos da etapa

Uso do rato:

Forma correcta e cómoda de usalo. Movemento. Pulsar botón esquerdo para efectuar seleccións e executar accións. Pulsar e arrastrar para mover elementos. Dobre clic para executar accesos directos do escritorio.

Uso do teclado:

Uso de cursores para moverse pola pantalla. Uso de teclas concretas marcadas con "gometes"

Uso de programas:



Selección de iconas do escritorio para executar programas. Uso de programas sinxelos.

Usuario:

Acender e apagar o ordenador correctamente.

PRIMEIRO CICLO (*Obxectivos do Equipo de Ciclo*):

- Participar en cursos para o profesorado
- Dedicar unha sesión de reunión de ciclo ao trimestre á posta en común de experiencias e materiais sobre as TIC.
- Organizar grupos flexibles con alumnado e profesorado do ciclo a fin de que todos e todas teñan oportunidade de mellorar as competencias nas TIC.
- Ler no ciclo o proxecto ao profesorado novo e seleccionar obxectivos e actividades axeitadas ao ciclo.

Habilidades básicas que se traballarán co alumnado:

- Acender e apagar o ordenador de xeito correcto (setembro e outubro)
 - Uso do rato: (setembro e outubro)
 - Forma correcta e cómoda de usalo. Movemento. Pulsar botón esquerdo para efectuar selección e executar acción. Pulsar e arrastrar para mover elementos. Dobre clic para executar accesos directos do escritorio.
 - Uso do teclado: (setembro e outubro)
 - Uso de cursores para moverse pola pantalla. Iniciación ao uso do teclado con actividades lúdicas.
 - Selección de iconas do escritorio para executar programas. (setembro e outubro)

Durante os meses de novembro, decembro e xaneiro:

- Realizar dictados con procesador de textos cambiando tamaño, cor e fonte.
- Usar programas de cálculo mental e operacións, xeometría e debuxo.

Resto do curso:

- Inserir imaxes xunto a un texto



- Uso de Internet e programas sinxelos que estean adaptados aos obxectivos do Proxecto curricular.

1- Iniciarse no uso do procesador de textos.

2- Uso de Internet para aproveitar páxinas dirixidas a nenos e nenas desas idades de carácter educativo ou lúdico.

3- Intercambio, coas TIC, de producións do alumnado con outros Centros.

4- Difusión na web do Centro de producións do alumnado.

SEGUNDO CICLO:

ÁREA DE LINGUA ESPAÑOLA

- Realización de dictados con corrección ortográfica (procesador de textos).
- Gusto e estética para a elaboración de traballos (non usar moitos tipos de letras no mesmo documento, inserir imaxes)
- Realización de xornais ou revistas que poidan ser lidos polo resto da comunidade educativa.

ÁREA DE MATEMÁTICAS

- Fomento do ordenador como ferramenta para a realización de cálculo mental e escrito.
- Utilización dos recursos do ordenador (calculadora para corrixir e comprobar os resultados das operacións).
- Buscar en Internet páxinas educativas que traten as unidades didácticas que se teñan programadas e seleccionar a información que sexa máis conveniente, útil e interesante.
- Procura e selección de información sobre os diferentes temas.
- Uso responsable do ordenador e Internet.
- Actitude responsable do profesor/a, alumno/a e familia para o uso do ordenador.

ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS).



- Uso de software de tipo lúdico que permita, por unha banda, enriquecer o vocabulario dos alumnos e alumnas e, por outra, fomentar as catro destrezas básicas: comprensión e expresión oral e escrita.
- Realización de actividades no procesador de textos para a práctica e afianzamento do vocabulario e estruturas gramaticais, así como para mellora da ortografía.

ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA

MÚSICA

- Utilizar o ordenador como reproductor de contidos multimedia: presentación unidades didácticas, vídeos, cd's, etc.
- Usar os recursos do ordenador para realizar exercicios de discriminación auditiva:
 - Sons de animais.
 - Sons da natureza.
 - Sons que producen obxectos cotiáns.
 - Sons musicais.
- Usar o ordenador para realizar audicións de pezas musicais diversas e cancións.
- Incluindo tamén a posibilidade de gravar e reproducir pezas gravadas polos propios alumnos e a posibilidade de enviar eses arquivos a outros nenos/as para que os escoiten.
- Usar o ordenador para reproducir cancións en karaoke.

PLÁSTICA

Potenciar o uso de programas de debuxo como Tuxpaint para desenvolver a capacidade de composición de formas, cores, etc.

Fomentar a realización de portadas para mellorar a presentación dos traballos a realizar nas distintas áreas.

EDUCACIÓN FÍSICA

Buscar e seleccionar a través da rede contidos relacionados coa educación física, o deporte e os seus valores correspondentes:



- Paz, coeducación, cooperación competición, xogo, etc.
- Actividades en Clic e Javaclíc.
- Os deportes na escola.
- Música para a expresión corporal.

TERCEIRO CICLO:

ÁREA DE LINGUA

- * Realización de dictados con corrección ortográfica (procesador de textos)
- * Utilización de Internet para realizar diferentes procuras segundo as diferentes unidades didácticas
- * Utilización do correo electrónico para intercambiar experiencias educativas con outros centros integrados no programa no ámbito de profesorado.
- * Buscar en Internet páxinas educativas que traten as unidades didácticas que se teñan programadas e seleccionar a información que sexa máis conveniente, útil e interesante (procura de autores, biografías, obras, páxinas de animación á lectura e bibliotecas)
- * Lectura da prensa dixital.

ÁREA DE MATEMÁTICAS

- * Buscar en Internet páxinas educativas que traten as unidades didácticas que se teñan programadas e seleccionar a información que sexa máis conveniente, útil e interesante.
- * Fomento do ordenador como ferramenta para a realización de cálculo mental.
- * Utilización de programas de debuxo para os contidos de xeometría (plano, polígono, ángulos, poliedros,...)
- * Utilización de programas de debuxo para a representación gráfica das operacións básicas (multiplicación, división, fraccións,...)
- * Utilización dos recursos do ordenador (calculadora para corrixir e comprobar os resultados das operacións)

ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO NATURAL E SOCIAL



* Uso responsable do ordenador e Internet.

- Procura e selección de información sobre os diferentes temas.
- * Estudos específicos sobre temas concretos (visita a páxinas web sobre o tema a elixir, selección e comparación da información, procura de datos, imaxes e comparación con outras páxinas visitadas.

* Actitude responsable do profesorado, alumnado e familias para o uso do ordenador.

* Concienciación do alumnado sobre a información que podemos atopar en Internet das diferentes culturas, razas e crenzas, para o fomento dunha cultura da paz, a tolerancia e a responsabilidade.

* Fomentar actitudes de respecto ao medio ambiente mediante a elaboración de traballos nos que os alumnos/as teñan que buscar e seleccionar información en sitios web de organizacións gobernamentais e non gobernamentais que velan pola conservación da contorna, da flora do noso planeta.

* Reforzar unidades didácticas concretas a través de Internet. Por exemplo: o sistema solar, a fotosíntese, o tempo atmosférico...

ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)

* Uso de software de tipo lúdico que permita, por unha banda, enriquecer o vocabulario do alumnado e, por outra, fomentar as catro destrezas básicas: comprensión e expresión oral e escrita.

* Realización de actividades no procesador de textos para a práctica e afianzamento do vocabulario e estruturais gramaticais, así como para mellora da ortografía.

* Buscar en Internet información relacionada cos costumes, modos de vida e tradicións dos países anglosaxóns para realizar traballos deste tipo.

* Buscar e seleccionar en Internet contos ou outros textos sinxelos en inglés para fomentar a comprensión lectora.



PLÁSTICA

- * Potenciar o uso de programas de debuxo como Tuxpaint para desenvolver a capacidade de composición de formas, cores,...
- * Fomentar a realización de portadas para mellorar a presentación dos traballos a realizar nas diferentes áreas.
- * Creación libre con recursos informáticos e realizar retoques fotográficos con carácter lúdico ou expresivo (unha vez que o profesorado domine devanditos programas)





Resumo de habilidades e aprendizaxes do alumnado coas TIC que podemos desenvolver xa cos recursos dispoñibles:

- Uso do ordenador (coidados, adestramento co rato, mellora do uso do teclado, ...)
- Uso do sistema operativo (carpetas, arquivos, escritorio, menús despregables, gardar, barras de ferramentas, ...)
- Uso de aplicacións básicas: procesador de textos, programa de debuxo, calculadora, edición de fotografías, ... e aplicacións educativas.
- Imprimir
- Escanear
- Programas en Internet que non necesiten instalación: ou Información e sitios web (hotpotatoes, flash,...) Programas didácticos con Clic, Javaclit, Edlim, Ardora xa preparadas.
- Uso de recursos de Internet
- Buscador (Google)
- Wikipedia (<http://es.wikipedia.org/>)
- Portais educativos
- Selección de páxinas con posibilidades didácticas (prensa, blogs...)
- Comunicación e creación a través de Internet
- Correo electrónico (como titor ou titora individualmente co alumnado ou familias)
- Correspondencia electrónica con outros Centros, proxectos compartidos...
- Difusión de producións na web do Centro (<http://centros.edu.xunta.es/ceipdearzua>)
- Foro de opinión (co grupo, do Centro,... ou en ámbitos xa creados).Exemplo:
<http://www.edugaliza.org/grupos/index.php>
- Participación en chats con interese educativo





CONTINUIDADE DO PROXECTO DE INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA A INCORPORACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN Á EDUCACIÓN



OBXECTIVOS:

- ❖ Achegamento das TICs a alumnado con diferentes discapacidades ou necesidades:
 - Dificultades visuais:
 - Aumento de tamaño
 - Posibilidade para manipular obxectos e símbolos
 - Dificultades de audición:
 - Emprego da ruta visual para a aprendizaxe
 - Dificultades motoras: parálise cerebral, síndrome de Down, ...
 - Posibilidades de adaptación de punteiros, teclado..etc
 - Dificultades na atención: hiperactividade, déficit de atención, alteración comportamental
 - Incremento de motivación
 - Incremento de diversidade
 - Adquisición e dominio de nova lingua :
 - vocablos polas dúas vías:visual e auditiva
 - Diálogos, contos
 - Actividades baixadas da Internet
- ❖ Achegamento das TICs ao alumnado de Educación Infantil:
 - Incremento da atención, motivación...
 - Mellora na súa aprendizaxe.
- ❖ Emprego da pantalla dixital individualizada nos casos necesarios.
- ❖ Dominio do hardware e softwareos do encerado dixital interactivo por parte do persoal docente mediante o seu manexo e coñecemento de actividades (recorrendo a Internet).
 - ◆ Emprego das funcións básicas do encerado dixital, manexando as ferramentas e os métodos.
 - ◆ Participar nas posibilidades multimedia da pantalla.
 - ◆ Dominar as posibilidades de configuración en rede, e de acceso a internet.
- ❖ Aplicación do encerado dixital como recurso didáctico e docente no ensino do alumnado de Infantil, alumnado con necesidades educativas especiais y alumnado estranxeiro que se incorpora ao centro.
 - ◆ Práctica docente con cada aula ou grupo de alumnos.
 - ◆ Explorar distintos programas educativos para a súa aplicación na aula.
 - ◆ Programas educativos dispoñibles na rede.



- ◆ Programas didácticos con licencia dispoñibles no Centro e programas de libre distribución.
- ❖ Deseño de actividades informatizadas no encerado dixital interactivo empregadas na labor docente diaria con alumnado de infantil, necesidades educativas e alumnado estranxeiro que se está a incorporar no centro acollido aos programas especiais de adquisición das novas linguas.
 - Para as dificultades de audición:
 - Actividades que empregan a ruta visual para a aprendizaxe
 - Para as dificultades motoras: parálise cerebral, síndrome de Down, ...
 - Actividades e recursos facilitadores
 - Para dificultades na atención: hiperactividade, déficit de atención, alteración comportamental
 - Actividades que empreguen a diversidade de recursos.
 - Para o alumnado estranxeiro que non coñece ou domina a nosa lingua:
 - Actividades de adquisición dunha nova lingua
 - Para alumnado de Educación Infantil en xeral (etapa onde se integran nenos con necesidades educativas)
 - Actividades propias para a etapa de Infantil: adquisición de conceptos básicos, desenvolvemento da motricidade fina, desenvolvemento da linguaxe...etc.
- ❖ Normalización do emprego do encerado dixital nas tarefas docentes.
- ❖ Fomenta-la innovación e o emprego das novas tecnoloxías entre o profesorado e alumnado.

CONTIDOS (ENCERADO DIXITAL):

Funcionamento e aplicacións máis comúns.

Emprego da súas capacidades.

Dispositivos de rede:

Programa de aplicación “smart board ” (“notebook” ...)

Ferramentas: punteiros, lapises, borradores e teclado...

Programas de axuda a labor docente dispoñibles no colexio.

Programas educativos para encerado dixital (actividades anteriormente realizadas por outros profesionais educativos) como poden ser:

ACTIVIDADES

- ❖ Elaboración de actividades para alumnos con necesidades educativas especiais:
 - Alumno de infantil con déficit de audición (disfasia comprensiva)
 - Actividades de emprego da ruta visual xunto coa auditiva:
 - Explicacións orais de actividades a realizar, reforzadas con imaxes no encerado
 - Explicación de conceptos, reforzado con imaxes.
 - Comprensión de contos, historias,...mediante imaxes
 - Alumno de primaria con trastorno xeneralizado do desenvolvemento
 - Actividades de visualización:
 - Orde e colocación do plan de actividades do día no encerado
 - Proxección de imaxes unidas a sons para desenvolvemento de vocablos.
 - Proxección de imaxes unidas a audicións curtas de oracións para diálogos, contos...etc.



- Actividades de grafía e movementos oculo-manuais
- Actividades para adquisición de conceptos propios de E. Infantil
- Alumno de infantil con trastorno motor
 - Actividades de resegumento no encerado para adquisición das grafías base e das grafías das diferentes letras.
 - Actividades facilitadoras da coordinación oculo-manual
- Alumnado de Infantil e Primaria que presenta dislalias na súa fala
 - Actividades de visualización do punto de articulación correcto
 - Actividades de imaxes e sons
- Alumnado Síndrome de Down
 - Tódalas anteriores
- Alumnado con déficit de atención
- ❖ Elaboración de actividades para o alumnado de infantil en xeral:
 - Explicacións orais de actividades a realizar, reforzadas con imaxes no encerado
 - Explicación de conceptos, reforzado con imaxes.
 - Comprensión de contos, historias,...mediante imaxes
 - Proxección de imaxes unidas a sons para desenvolvemento de vocablos.
 - Proxección de imaxes unidas a audicións curtas de oracións para diálogos, contos...etc.
 - Actividades de grafía e movementos oculo-manuais
 - Actividades de resegumento no encerado para adquisición das grafías base e das grafías das diferentes letras.
 - Actividades facilitadoras da coordinación oculo-manual
- ❖ Elaboración de actividades para alumnos estranxeiros
 - Explicacións orais de actividades a realizar, reforzadas con imaxes no encerado
 - Explicación de conceptos, reforzado con imaxes.
 - Comprensión de contos, historias,...mediante imaxes
 - Actividades de visualización:
 - Proxección de imaxes unidas a sons para desenvolvemento de vocablos.
 - Proxección de imaxes unidas a audicións curtas de oracións para diálogos, contos...etc.
 - Actividades para adquisición de conceptos
 - Actividades de resegumento no encerado para adquisición das grafías das diferentes letras.
 - Actividades educativas para o dominio da lingua “baixadas” de Internet como poden ser
 - http://www.formación.pntic.mec.es/ofrecemos/e_árabe.php
 - http://www.formacion.pntic.mec.es/ofrecemos/e_portug.php
 - http://www.formacion.pntic.mec.es/ofrecemos/e_ingles.php

Mi mundo en palabras, del Centro Virtual Cervantes: curso de español en liña para nenos.

Proyecto pedagógico UDICOM: unidades didácticas de compensatoria educativa <http://www.educarm.net/udicom/>.

Elenet: portal educativo diseñado para a colaboración entre profesionais do español como lingua extranxera.

La llamada de la selva: con recursos e actividades para o ensino



da lingua castelá.



http://www.cnice.mecd.es/eos/MaterialesEducativos/mem2002/selva_lengua/index2.htm

- Actividades de visualización do punto de articulación correcto nalgún fonema que lle costa adquirir como pode ser o son rr ou nh.
- Actividades de imaxes e sons
- Audicións de diálogos creados por nos unidos a imaxes.
- Audición de diálogos de páxinas web, video, audio...
- Etc.

❖ Coñecemento (ver diferentes sitios) e emprego por parte dos mestres das actividades que se atopan na web dedicadas a este recurso tecnolóxico:

www.edu.xunta.es/siega/ (algúns recursos en galego)

Un exemplo de actividade realizada co recurso do encerado é:



OS TRES PORQUIÑOS

(Algúns recursos en castelán)

www.edebedigital.net/biblioteca/pizarra-digital_CAST.pdf

www.dulac.biz/ - 57k - 27 Jun 2006

intranet.sigmat.com/enlacesdim/ - 2k - 27 Jun 2006 –

Etc

(Algúns recursos en inglés)

www.topmarks.co.uk/Interactive.aspx

“Proyecto fresa” para persoas con minusvalías

www.adapta.cl/

Recopilación das actividades creadas na nosa intranet e nun cd-rom,cd-write, dvd, dvd-write e/ou discos flexibles.

Recursos existentes no centro en relación as TICs

Temos experiencia positiva de cursos anteriores, traballo desenrolado polos distintos grupos de traballo e seminarios constituídos no Centro, ou nos cursos realizados na propia localidade sobre as novas tecnoloxías por parte do profesorado do C.E.I.P. de Arzúa. Así os programas ofimáticos, o Word, o Clic, Internet (I e II), ou o propio deseño web (Frontpage e outros), foron temas das diferentes experiencias de formación e cursos realizados.

A instalación da aula informatizada no Centro e a incorporación de novos equipamentos permitiron e potenciaron un uso xeneralizado das novas tecnoloxías nas distintas áreas e materias, así como unha aplicación didáctica da informática como recurso nas aulas.

Aula informatizada conta con computadoras (Procesadores Pentium) conectadas en rede baixo Windows 98 e XP cargadas co programa ¡Clic!, a Licencia de “Office 2000 ” de Microsoft , así como diversos programas comerciais, freeware e shareware, escáners,



impresoras e regrabadoras. Conexión a Internet e enderezo electrónico. Temos encerado dixital, proxector electrónico e dous ordenadores portátiles.

Os novos recursos pasarán a formar parte da nosa Intranet para o seu emprego pola comunidade educativa.


Nesta intranet a comunidade educativa poderá:

- ❖ Consultar calquer documento do centro e materia do curriculm.
- ❖ Procurar información e seleccionar materiais para a labor docente.
- ❖ Programar actividades.
- ❖ Intercambiar ideas sobre actividades.
- ❖ Imprimir ,“baixar” e gardar materiais e arquivos (de texto, imaxes e outros...)
- ❖ Procesar e "subir" materiais creados na propia aula.
- ❖ Comunicarnos con outros centros.

Contará cun taboleiro virtual no que se expoñan cousas de interese para a nosa tarefa educativa.

Un entorno de traballo, unha base de datos das novidades, dos recursos (entre eles os aportados por nos) , dos materiais (entre eles os elaborados por nos), das utilidades e ferramentas catalogadas para o emprego por parte de todos.

Dispoñemos tamén, de encerado dixital, que como recurso fomos coñecendo e iniciándonos no seu emprego o curso anterior, cun proxecto de traballo, que nos permitiu ir dando pasos importantes neste eido.





Organización dos espazos do centro e modificacións no Plan Anual e PCC

O centro ten tres plantas, sótano onde está emprazada a E. Infantil e 1ª e 2ª planta onde se sitúan os cursos de primaria.

A aula de Informática está na 2ª planta polo que os pequenos de infantil teñen que subir e baixar tres pisos para poder estar semanalmente ½ hora nesta aula (a realidade é que esa ½ hora pasa a ser ¼ de hora) e na actualidade, tamén integramos un alumno de Infantil con dificultades motoras o que fai máis dificultoso o emprego dos recursos que nos proporciona a aula de Informática.

A nosa intención é emprazar un encerado dixital na planta de infantil, que aínda sendo recurso para toda a comunidade educativa, pola súa proximidade, sería empregado fundamentalmente polas 5 aulas de infantil e o profesorado de apoio as necesidades educativas.

Estableceríase un horario semanal para emprego de cada unha das aulas ou grupos e tamén facilitaríase a realización de actividades en grupo maior que o do curso ou ano de infantil.

No PCC deberemos plasmar este novo recurso como útil para a nosa labor docente unido ao emprego en xeral das novas tecnoloxías, sendo unha escola que mira hacia o futuro e que está a procura dunha educación de calidade afincada na realidade cultural.

Tamén deberemos plasmalo como recurso útil na aprendizaxe dos nenos con necesidades educativas e na aprendizaxe dos nenos estranxeiros que se incorporan entre nos e que teñen a necesidade de coñecer a nosa lingua.

No Plan Anual teremos que organizar especialmente e temporalmente novos recursos para que estes sexan aproveitados ao máximo. Tamén compre destinar un tempo dentro do horario lectivo de cada mestre que participa no proxecto para que poda xuntarse y colaborar en grupo pequeno para a elaboración das actividades.

Recopilación das actividades creadas na nosa intranet e nun cd-rom, cd-write, dvd, dvd-write e/ou discos flexibles.

Realización do traballo ao longo do curso 2007-08 durante os tres trimestres.

As reunións de gran grupo realizaranse tódolos mércores lectivos dos meses de outubro, novembro e en meses posteriores a determinar atendendo a realización das actividades en pequeno grupo (preferible non máis tarde que o remate de marzo).

As sesións de docencia de expertos e asesoramento determinaranse segundo a dispoñibilidade.



O traballo en pequeno grupo para elaboración de actividades concretas será determinado por cada grupo atendendo as súas posibilidades e as posibilidades dos medios técnicos.

Finalmente realizarase unha xuntanza para revisión de actividades creadas e valoración do traballo desenvolto.

Calendario para anotar as horas traballadas no grupo de traballo (anotaranse as comúns e as de pequeno grupo): Cada participante anotará as súas horas.

1º TRIMESTRE sept-outub-novem-dецembro	2º TRIMESTRE xaneiro-febreiro-marzo	3º TRIMESTRE abril-maio
Avaliación		

MANTEMENTO DOS EQUIPOS

Aparte do mantemento da Xunta de Galicia por medio da UAC (unidade de atención a centros) e do coordinador SIEGA correspondente, para os equipos baixo garantía e software proporcionado; existirá un mantemento dos equipos demais equipos e software dispoñible, así coma das redes do centro por parte do coordinador TIC e tamén por persoal especializado para tal fin.

O mantemento avanzado do persoal especializado consistirá na reparación de posibles avarías e mantemento do hardware e software una vez por semana (os venres).

O seu presuposto diario será de 5 € polo que neste curso o seu custo será de 825 € facturados pola empresa “Informática Arzúa” co CIF. xxxxxxxxxx

METODOLOXÍA

Neste caso a labor docente petende a aplicación dos métodos informáticos ás diversas tarefas docentes e concretamente o emprego do encerado dixital como recurso dentro da súa metodoloxía.



A nosa metodoloxía activa aplicada será o descubrimento guiado, a asignación de tarefas. Para o coñecemento e elaboración do traballo empregaremos material propio dos recursos, así como determinadas páxinas Web relacionadas e volcados de diversos programas tamén relacionados.

O traballo colaborativo, conxunto para a elaboración das actividades por parte dos grupos pequenos é a base principal da metodoloxía deste proxecto. Este traballo pasará a expoñerse nas reunións de tódolos membros, que servirán de guía e *feed-back* no proceso final para ser posteriormente aplicado como recurso didáctico no grupo-aula de cada un dos membros.

O traballo dos participantes desenvolverase:

- ◆ Sesións de asesoramento e docencia con expertos específicos
- ◆ Sesións de traballo do grupo de tódolos participantes para a análise e posta en práctica dos materiais, programas e recursos que se van a utilizar, así como para o deseño de actividades a levar a cabo coa pantalla táctil.
- ◆ Sesións en pequeno grupo para a elaboración de materiais e actividades.
- ◆ Sesións de recompilación e avaliación

AVALIACIÓN

Avaliación será continua, como modo de revisión e remodelación da nosa labor docente e da nosa aprendizaxe. Ó remate da elaboración das actividades por parte de cada grupo pequeno de traballo, estas actividades serán vistas polo resto dos participantes e valoradas para a súa utilización na función escolar.

Cada grupo de traballo levará a aula ordinaria ou a un grupo de nenos determinados as actividades elaboradas mediante este recurso y valorará se se acadarán os obxectivos pretendidos con cada unha delas o mesmo tempo que se avaliarán e remodelarán nos casos necesarios.

Recollerase o traballo e realizarase unha memoria final na que se reflectirán as conclusións finais do noso esforzo e execución neste proxecto.

NECESIDADES ORZAMENTARIAS

Gastos orixinados pola docencia, polos medios empregados e polos resultados do traballo



Conceptos	Nº aproximado	Gasto estimado	Cantidade Total
Software		500€	
Hardware		1500€	
Mantemento anual		1000 €	
TOTAL		3000 €	

Temos a necesidade de consolidar as novas tecnoloxías na escola nesta sociedade da tecnoloxía e a información, e de facilitar ó acceso destas ó maior número de alumnado, e sendo solidarios ao alumno que presenta máis necesidades. Estas son razóns de peso para que levemos a termo este traballo.

O noso grupo de traballo pretende abrir portas a un futuro que xa é presente: recorrer á tecnoloxía e en ela o que é elemento básico para o mestre, o encerado, pero neste caso dixital e interactivo.

LISTADO DOS INTEGRANTES:

Apelidos e Nome	NIF	NRP	Nivel	Sinatura